



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Convocatoria elección xuíz/a de paz titular do Concello de Pontedeume

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2025, adoptou o acordo relativo á incoación do expediente para a elección de xuíz/a de paz titular no Concello de Pontedeume.

De conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz, ábrese un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e que reúnan os requisitos legais, presenten as súas candidaturas no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente.

O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas interesadas deberán acompañar á solicitude:

- Unha fotocopia autenticada do DNI ou pasaporte.
- Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá, de non estar inculpado ou procesado, ou autorización para a súa consulta por parte do Concello de Pontedeume.
- Declaración responsable de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento, así como non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade.
- Xustificación documental dos méritos alegados.

O expediente pode ser examinado, e solicitar canta información se precise na Secretaría Municipal.

No caso de que non se presentaran solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do propio acordo.

Documento asinado dixitalmente por don José Simoes Couceiro, alcalde-presidente en funcións (*delegación conferida por Decreto 2/2026 de día 02.01.2026*), en Pontedeume a 9 de xaneiro de 2025.

2026/96